# Nova identidade visual

# Concello de Lugo

# A

Concello de Lugo

Manual de identidade visual do **Concello de Lugo**

*Manual de identidad visual Ayuntamiento de Lugo*

## Elementos de identidade

*Elementos de identidad*

# 02_ O símbolo

*02_ El símbolo*

## 02_1 SÍMBOLO

O símbolo representa graficamente o Concello de Lugo.

O símbolo amosa a parte máis emblemática da Muralla de Lugo; “A Mosqueira”. Simplificada en formas e levada en perspectiva acadamos unha imaxe de achegamento (de esquerda a dereita). Os dous cubos laterais mais o cubo central compoñen o símbolo na súa totalidade.

O símbolo será a imaxe que normalmente represente o Concello de Lugo.

Sempre irá acompañado do logotipo, agás nos casos que se especifican neste manual.

Utilizarase en todos os soportes de comunicación como papelería, publicacións, anuncios institucionais e promocionais, sinalizacións, etc.

## *02_1 SÍMBOLO*

*El símbolo representa gráficamente al Ayuntamiento de Lugo.*

*El símbolo muestra la parte más emblemática de la Muralla de Lugo; “La Mosquera”. Simplificada en formas y llevada en perspectiva conseguimos una imagen de acercamiento (de izquierda a derecha). Los dos cubos laterales mas el cubo central componen el símbolo en su totalidad.*

*El símbolo será la imagen que normalmente represente al Ayuntamiento de Lugo.*

*Siempre irá acompañado del logotipo, salvo en los casos que se especifican en este manual.*

*Se utilizará en todos los soportes de comunicación como papelería, publicaciones, anuncios institucionales y promocionales, señalizaciones, etc.*

## 02_ O símbolo

*02_ El símbolo*

### 02_2 RETÍCULA (Fig. 1)

Utilizarase a retícula só e exclusivamente nos casos onde o símbolo se saia das formas habituais de reprodución.

O símbolo está deseñado para que funcione en grandes e pequenas dimensións sen que se teñan que variar as súas proporcións.

### 02_3 CONSTRUCIÓN DA RESERVA VISUAL (Fig. 2)

Cando se utilice o símbolo sen o logotipo, este ten que ter unha reserva visual que impida que outras imaxes ou formas lle fagan perder a súa identidade.

### *02_2 RETÍCULA (Fig. 1)*

*Se utilizará exclusivamente la retícula, sólo en los casos donde el símbolo se salga de las formas habituales de reproducción.*

*El símbolo está diseñado para que funcione en grandes y pequeñas dimensiones sin que se tenga que variar las proporciones del mismo.*

### *02_3 RESERVA VISUAL (Fig. 2)*

*Cuando el símbolo se utilice sin el logotipo, este tiene que tener una reserva visual que impida que otras imágenes o formas le hagan perder su identidad.*




Fig. 1




Fig. 2

## 03_ A identidade visual

*03_ La Identidad visual*

Estas formas, xunto co símbolo, son o punto de partida da imaxe visual do Concello de Lugo.

### 03_1 LOGOTIPO (Fig. 1)

O logotipo constitúe verbalmente o nome social da entidade. A tipografía utilizada é a Dax - bold, e utilizarase sempre en caixa alta e baixa.

### 03_2 IMAGOTIPO (Fig. 2)

Ambos elementos compoñen o conxunto visual que achega á institución a sensación de proximidade, solidez e representatividade da cidade.

Utilizaranse distintas versións do imagotipo en función do seu uso, e non se poderán realizar variacións ou construcións distintas das especificadas neste manual.

*Estas formas, junto con el símbolo, son el punto de partida de la imagen visual del Ayuntamiento de Lugo.*

***03_1 LOGOTIPO (Fig. 1)***

*El logotipo constituye verbalmente el nombre social de la entidad. La tipografía utilizada es la Dax - bold y siempre se utilizará en caja alta y baja.*

***03_2 IMAGOTIPO (Fig. 2)***

*Ambos elementos componen el conjunto visual que aporta a la institución la sensación de cercanía, solidez y representatividad de la ciudad.*

*Se utilizarán distintas versiones del imagotipo en función del su uso, no pudiéndose realizar variaciones o construcciones distintas de las que se especifican en este manual.*

**Concello de Lugo**

Fig. 1

**Concello de Lugo**

Fig. 2

## 03_3 CONSTRUCIÓN DO IMAGOTIPO

A construción do imagotipo realízase respectando a área de reserva visual do símbolo nas representacións horizontais, centradas ou verticais.

Aínda que o logotipo do Concello de Lugo vaia acompañado dalgún texto ou varíe as súas proporcións respecto ó símbolo, xamais se poderá invadir esa reserva visual.

## *03_3 CONSTRUCCIÓN DEL IMAGOTIPO*

*La construcción del imagotipo se realiza respetando el área de reserva visual del símbolo en las representaciones horizontales, centradas o verticales.*

*Aunque el logotipo del Ayuntamiento de Lugo, vaya acompañado de alguna leyenda, o varíe sus proporciones respecto al símbolo, estos nunca podrán invadir esa reserva visual.*






## 03_ A identidade visual
*03_ La identidad visual*

### 03_4 CONSTRUCIÓN DA RESERVA VISUAL

A construción da reserva visual do imagotipo baséase na caixa alta do logotipo "Y".

Utilizamos esta medida "Y" engadíndoa ás marxes extremas da imaxe; tendo en conta o punto máis extremo do símbolo (alto / ancho) e do logotipo. No caso de que a altura fose menor que a reserva do símbolo, utilizaremos como marxe "Y" a medida do símbolo "x".

### *03_4 CONSTRUCCIÓN DE LA RESERVA VISUAL*

*La construcción de la reserva visual del imagotipo se basa en la caja alta del logotipo "Y".*

*Esta medida "Y" la utilizamos añadiéndola a los márgenes extremos de la imagen; teniendo en cuenta el punto mas extremo del símbolo (alto / ancho) y del logotipo. En el caso que la altura fuese menor a la reserva del símbolo, utilizaremos como margen "Y" la medida del símbolo "x".*






## 04_1 TIPOGRAFÍA CORPORATIVA

A tipografía utilizada para a identidade visual do Concello de Lugo é a **Dax Bold**. Utilizaremos toda a familia deste tipo para as aplicacións en papelería, publicacións, comunicados, etc.

## *04_1 TIPOGRAFÍA CORPORATIVA*

*La tipografía utilizada para identidad visual del Ayuntamiento de Lugo es la **Dax Bold**. Utilizaremos toda la familia de este tipo para las aplicaciones en papelería, publicaciones, comunicados, etc.*

DAX BOLD

**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz**
**1234567890**

DAX BOLD ITALIC

***ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ***
***abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz***
***1234567890***

DAX BOLD CAPS

**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**1234567890**

DAX LIGHT

ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz
1234567890

DAX LIGHT ITALIC

*ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ*
*abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz*
*1234567890*

DAX LIGHT ITALIC CAPS

ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1234567890

DAX REGULAR

ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz
1234567890

DAX REGULAR CAPS

ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1234567890

DAX MEDIUM

ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz
1234567890

DAX MEDIUM ITALIC

*ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ*
*abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz*
*1234567890*

DAX MEDIUM CAPS

ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
1234567890

DAX EXTRABOLD

**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz**
**1234567890**

DAX EXTRABOLD ITALIC

***ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ***
***abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz***
***1234567890***

DAX EXTRABOLD CAPS

**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**1234567890**

DAX BLACK

**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz**
**1234567890**

DAX BLACK ITALIC

***ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ***
***abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz***
***1234567890***

DAX BLACK CAPS

**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**1234567890**

## 04_2 TIPOGRAFÍA CORPORATIVA COMPLEMENTARIA

Utilizarase a tipografía complementaria nas aplicacións que aparecen especificadas neste manual e/ou no suposto de ter que substituír a familia Dax por outra tipografía, pero baixo ningún concepto para realizar a construción da imaxe visual do Concello.

As tipografías aceptadas utilizaranse cada unha delas con todos os seus estilos (normal, cursiva, grosa, grosa cursiva).

Helvética Regular

Arial Narrow

## *04_2 TIPOGRAFÍA CORPORATIVA COMPLEMENTARIA*

*La tipografía complementaria se utilizará en las aplicaciones que aparecen especificados en este manual y/o en el supuesto de tener que sustituir la familia Dax por otra tipografía, pero bajo ningún concepto para realizar la construcción de la imagen visual del Ayuntamiento.*

*Las tipografías aceptadas se utilizarán cada una de ellas con todos sus estilos (normal, cursiva, negrita, negrita cursiva).*

*Helvética Regular*

*Arial Narrow*

HELVÉTICA REGULAR

Normal

ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz
1234567890

Cursiva

*ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ*
*abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz*
*1234567890*

Grosa

**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz**
**1234567890**

Grosa cursiva

***ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ***
***abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz***
***1234567890***

ARIAL NARROW

Normal

ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ
abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz
1234567890

Cursiva

*ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ*
*abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz*
*1234567890*

Grosa

**ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ**
**abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz**
**1234567890**

Grosa cursiva

***ABCEDFGHUJKLMNÑOPQRSTUVWXYZ***
***abcedfghujklmnñopqrstuvwxyz***
***1234567890***

# 05_ Cores corporativas

*05_ Colores corportativos*

## 05_1 CORES BÁSICAS CORPORATIVAS (Fig.1)

As cores que representan a imaxe visual do Concello de Lugo son a cor vermella e a cor negra azulada.

A cor vermella utilizarase xeralmente para o símbolo e a negra azulada para o logotipo.

A cor negra utilizarase en substitución das cores anteriores no caso de non poder utilizar as cores corporativas do Concello.

## 05_2 CORES CORPORATIVAS COMPLEMENTARIAS (Fig.2)

A cor ouro e/ou prata utilizaranse en aplicacións como papelería de Alcaldía, aplicacións de prestixio, etc. Esta gama de cores é de uso restrinxido. Utilizarase unicamente nas aplicacións indicadas neste manual.

## *05_1 COLORES BÁSICOS CORPORATIVOS (Fig.1)*

*Los colores que representan la imagen visual del Ayuntamiento de Lugo son el color rojo y el color negro azulado.*

*El color rojo se utilizará generalmente para el símbolo y el negro azulado para el logotipo.*

*El color negro se utilizará en sustitución de los colores anteriores en el caso de no poder utilizar los colores corporativos del Ayuntamiento.*

## *05_2 COLORES CORPORATIVOS COMPLEMENTARIOS (Fig.2)*

*El color oro y/o plata se utilizarán en aplicaciones como papelería de Alcaldía, aplicaciones de prestigio, etc. Esta gama de colores es de uso restringido. Utilizándose únicamente en las aplicaciones que indica este manual.*

Fig. 1

| Tinta plana: | Cuadricomía: | Vídeo: | Web: |
|---|---|---|---|
| **Pantone 186 C** | **Cian** 0 %<br>**Maxenta** 100 %<br>**Amarela** 81 %<br>**Negra** 4 % | **Vermella** 245 %<br>**Verde** 0 %<br>**Azul** 38 % | **CC0033** |

| Tinta plana: | Cuadricomía: | Vídeo: | Web: |
|---|---|---|---|
| **Pantone Black6 C** | **Cian** 100 %<br>**Maxenta** 35 %<br>**Amarela** 0 %<br>**Negra** 100 % | **Vermella** 18 %<br>**Verde** 28 %<br>**Azul** 38 % | **003333** |

| Tinta plana: | Cuadricomía: | Vídeo: | Web: |
|---|---|---|---|
| **Negra**<br>Pantone Process Black6C | **Cian** 0 %<br>**Maxenta** 0 %<br>**Amarela** 0 %<br>**Negra** 100 % | **Vermella** 43 %<br>**Verde** 41 %<br>**Azul** 38 % | **333333** |

Fig. 2

| Tinta plana: | Cuadricomía: | Vídeo: | Web: |
|---|---|---|---|
| **Pantone 877**<br>Pantone Cool Gray 9 | **Cian** 0 %<br>**Maxenta** 0 %<br>**Amarela** 0 %<br>**Negra** 40 % | **Vermella** 153 %<br>**Verde** 153 %<br>**Azul** 153 % | **999999** |

| Tinta plana: | Cuadricomía: | Vídeo: | Web: |
|---|---|---|---|
| **Pantone 871**<br>Pantone 4495 | **Cian** 0 %<br>**Maxenta** 20 %<br>**Amarela** 95 %<br>**Negra** 46 % | **Vermella** 138 %<br>**Verde** 87 %<br>**Azul** 0 % | **996633** |

## 05_ Cores corporativas

*05_ Colores corportativos*

### 05_3 VERSIÓNS EN COR

A representación xeral da imaxe visual do Concello de Lugo será en cor vermella e negro azulado, cando vaia a dúas cores. Cando vaia nunha soa cor, utilizarase como primeira opción a vermella e despois a negra.

A única composición de cor admitida será a que figura nas seguintes aplicacións, e non se poderan variar en ningún caso.

Sempre que se aplique a imaxe do Concello en cor, e non se poida reproducir nas súas cores corporativas, utilizarase en negra.

As cores complementarias utilizaranse en función das aplicacións que se especifican neste manual, nunca noutras.

Versión a dúas cores, figura 1
Versión a unha cor, figura 2

### *05_3 VERSIONES EN COLOR*

*La representación general de la imagen visual del Ayuntamiento de Lugo, será en rojo y negro azulado, cuando vaya a 2 colores. Cuando vaya en un solo color, se utilizará como primera opción el rojo y después el negro.*

*La única composición de color admitida será la que figura en las siguientes aplicaciones, no pudiéndose variar en ningún caso.*

*Siempre que se aplique la imagen del Ayuntamiento a color y no se pueda reproducir en sus colores corporativos, se utilizará en negro.*

*Los colores complementarios se utilizarán en función de las aplicaciones que se especifican en este manual, nunca en otras.*

*Versión a 2 colores, figura 1*
*Versión a 1 color, figura 2*

Fig. 1

Versión corporativa
de uso común

Fig. 2

Versión corporativa de uso común
a unha cor

Versión Corporativa de uso común
a unha cor de uso restrinxido

Versión corporativa de uso común
sobre un fondo de cor

Versión corporativa de uso común
sobre un fondo de cor de uso restrinxido

## 06_ Versións da identidad visual

*06_ Versiones de la identidad visual*

### 06_1 CONSTRUCIÓNS BÁSICAS

O símbolo e o logotipo conforman o imagotipo do Concello de Lugo.

Para cubrir todas as aplicacións que require o Concello, realizáronse distintas versións da identidade visual para dar solución ás súas necesidades.

O idioma galego prevalecerá sempre.

### *06_1 CONSTRUCCIONES BÁSICAS*

*El símbolo y el logotipo conforman el imagotipo del Ayuntamiento de Lugo.*

*Para cubrir todas las aplicaciones que requiere el Ayuntamiento, se han realizado distintas versiones de la Identidad Visual para dar solución a sus necesidades.*

*El idioma gallego siempre prevalecerá siempre.*

#### 06_1.1 Aliñación centrada uso común

#### 06_1.1 Alineación centrada de uso restringido

Concello de Lugo

Concello de Lugo

Concello de Lugo

Concello
de Lugo

## 06_ Versións da identidad visual

*06_ Versiones de la identidad visual*

### 06_1.2 Aliñación esquerda nunha liña

### 06_1.3 Aliñación esquerda en dúas liñas

### 06_1.4 Aliñación en curva ou circular (uso restrinxido)

## 06_2 CONSTRUCIÓNS COAS CONCELLERÍAS

Para a construción do imagotipo do Concello de Lugo xunto coas concellerías, previronse exclusivamente dúas versións, unha centrada e outra con aliñación esquerda.

## *06_2 CONSTRUCCIONES CON LAS CONCEJALÍAS*

*Para la construcción del imagotipo del Ayuntamiento de Lugo junto con la concejalías, se han previsto exclusivamente dos versiones, una centrada y otra con alineación izquierda.*

### 06_2.1 Aliñación esquerda uso común

**Concello de Lugo**
Concellería de Servizos Xerais

### 06_2.2 Aliñación centrada uso común

**Concello de Lugo**
Concellería de Servizos Xerais

## 06_ Versións da Identidad Visual
*06_ Versiones de la Identidad Visual*

### 06_3 USO DO IMAGOTIPO COAS CONCELLERÍAS

O símbolo e o logotipo conforman o imagotipo do Concello de Lugo. Para cubrir todas as aplicacións que require o Concello, realizáronse distintas versións da identidade visual para dar solución ás súas necesidades.

### *06_3 USO DEL IMAGOTIPO CON LAS CONCEJALÍAS*

*El símbolo y el logotipo conforman el imagotipo del Ayuntamiento de Lugo. Para cubrir todas las aplicaciones que requiere el Ayuntamiento, se han realizado distintas versiones de la Identidad Visual para dar solución a sus necesidades.*

#### 06_3.1 Aliñación esquerda uso común

**Concello de Lugo**
Concellería de Urbanismo
e Medio Rural

**Concello de Lugo**
Concellería de Muller
e Benestar Social

**Concello de Lugo**
Concellería de Infraestructuras

**Concello de Lugo**
Concellería de Deportes

**Concello de Lugo**
Concellería de Medio Ambiente

**Concello de Lugo**
Concellería de Economía
e Emprego

**Concello de Lugo**
Concellería de Cultura e Turismo

**Concello de Lugo**
Concellería de Réxime Interior
e Protección da Comunidade

**Concello de Lugo**
Concellería de Educación

**Concello de Lugo**
Concellería de Servizos Xerais

## 06_3.2 Aliñación centrada uso común

**Concello de Lugo**
Concellería de Urbanismo
e Medio Rural

**Concello de Lugo**
Concellería de Muller
e Benestar Social

**Concello de Lugo**
Concellería de Infraestructuras

**Concello de Lugo**
Concellería de Deportes

**Concello de Lugo**
Concellería de Medio Ambiente

**Concello de Lugo**
Concellería de Economía
e Emprego

**Concello de Lugo**
Concellería de Cultura e Turismo

**Concello de Lugo**
Concellería de Réxime Interior
e Protección da Comunidade

**Concello de Lugo**
Concellería de Educación

**Concello de Lugo**
Concellería de Servizos Xerais


Servizos
Trámites
Estatísticas
INFORMACIÓN
TURISMO
Avisos
RUEIRO
NORMATIVA
BARRIOS
CONCELLO
DE LUGO
Axenda
TRANSPORTE
ENLACES
Guía Cidadá
Historia
TELÉFONOS
Protocolo
FOTOS
Actualidade
Buzón
[redacted]
LUGO.ES

# LUGO.ES

O Concello de Lugo estrea unha nova páxina web que ten como obxectivo converterse no portal de toda a cidade para abrir un espazo de información e de comunicación áxil e directo entre a administración municipal e a cidadanía.

Nos últimos anos, Internet convertiuse nunha ferramenta de comunicación indispensable entre os concellos e a cidadanía. O Concello é consciente de que a administración pública ten que estar á vangarda da revolución tecnolóxica e nos últimos anos está a desenvolver un amplo programa de accións de difusión, achegamento e aplicación das novas tecnoloxías en todos os ámbitos da sociedade.

Lugo Dixital naceu co obxectivo de achegar á cidadanía co mundo das novas tecnoloxías a través da utilización intensiva das tecnoloxías da información e das comunicacións –internet, mensaxes SMS, telefonía- polo que o Concello de Lugo puxo en marcha un completo programa que, ademais de incluír actividades lúdico-formativas para o conxunto da poboación como *Conéctate en Lugo*, se completa coa creación dun portal web municipal, a construción dun aula multimedia, o desenvolvemento dunha oficina municipal virtual e os servizos da Tarxeta Cidadá e a posta en marcha do Servizo 010, entre outros.

Este proxecto desenvolveuse ao longo destes últimos catro anos e implicou o traballo de dúcias de persoas que puxeron toda a súa profesionalidade, creatividade e ilusión ao servizo de Lugo Dixital. Todo este traballo faise visible nesta nova web municipal que vén ofrecer un servizo máis eficaz, cercano e funcional aos cidadáns a través de www.lugo.es mellorada, ampliada e modernizada.

Con este novo portal municipal o Concello de Lugo busca estar máis preto dos lucenses para ofrecerlles uns servizos




Pantalla de inicio da nova web





Vista da vella e da nova web

telemáticos que axilicen os trámites, e proporcionarlles unha canle de comunicación interactiva baseada na transparencia, a axilidade e a inmediatez para facilitar as relacións coa administración municipal.

As vantaxes do emprego de Internet son infinitas, mais destacan que supón un aforro económico; reduce os tempos de resposta nos servizos demandados; elimina as barreiras físicas e temporais; mellora a competitividade do tecido empresarial; e, sobre todo, aumenta a eficacia na xestión dos recursos públicos.

Esta web convértese nunha fiestra que abre a cidade ao resto do mundo e que servirá para descubrir os encantos de Lugo, a súa historia, os seus monumentos, a súa natureza e a súa xente. Os que se acheguen a mirar por ela poderán, consultar toda a información sobre a cidade, expresar as súas suxestións e comunicar todas as súas dúbidas, xa que a súa vocación é a de servir de vínculo entre a administración e a cidadanía.

**O DESEÑO**

O novo deseño de www.lugo.es presenta unha páxina máis moderna, colorida, dinámica, con movemento e que mostra unha distribución sinxela, organizada por temáticas, que facilita un acceso máis rápido da cidadanía á información que reclama.

O cambio provoca un maior impacto visual xa que lugo.es dispón dun encabezamento a toda cor que se pode modificar a gusto do usuario, que pode elixir entre as cores vermella, verde, gris e negra.

Presenta, ademais, un deseño gráfico moi atractivo cunha ordenación dos contidos en áreas temáticas identificadas con iconos e fotografías, outro exemplo é a portada que presenta un banner que alterna imaxes da cidade que achegan dinamismo e claridade á páxina web.

Tamén se variou a distribución da información dispondo os datos segundo a temática co obxectivo de facilitar ao usuario un acceso máis rápido e sinxelo. O anterior deseño baseábase nunha estrutura eminentemente administrativa, o que, en ocasións, supuña unha dificultade para a cidadanía á hora de atopar a información que reclamaba se descoñecía a organización interna do Concello.

O novo espazo virtual persegue como principal obxectivo, o converter a lugo.es na web da cidade e non só do Concello, por iso quérese potenciar a inclu-

sión de información detallada e útil sobre todo o relativo á cidade. Ademais, desde a web foméntase a participación activa dos lucenses en contidos de diversas seccións como a axenda da cidade, blogs, contas de correo para todos os cidadáns que o desexen, e establecendo liñas de comunicación interactiva entre o usuario e a administración local.

Así mesmo, a web achega o Concello aos lucenses permitindo realizar de forma virtual distintos trámites administrativos que evitarán os desprazamentos ata as oficinas municipais co consecuente aforro de tempo e a comodidade para o cidadán coa creación da Tarxeta Cidadá.

**PÁXINA ACCESIBLE**

Este novo portal municipal deseñouse seguindo dous conceptos fundamentais: a simplificación e a accesibilidade, para que os usuarios poidan navegar por el dun xeito intuitivo, pois unha das premisas foi organizar a oferta dos servizos municipais en función dos feitos vitais dos cidadáns (pagamento dos impostos, cómo mercar unha casa, cómo empadroarse, cómo crear unha empresa, etc.).

A claridade e a rapidez de acceso á páxina principal é a nota predominante do novo deseño en comparación co anterior, que ademais facilita unha navegación máis intuitiva e adaptada a todos os cidadáns. Precisamente unha das grandes apostas é a accesibilidade posibilitando que a web poida consultarse desde calquera dispositivo adaptándose ás características deste para que se poida observar a web na súa totalidade xa que é moi diferente acceder desde un ordenador cunha pantalla ampla ou desde un móbil cuxo espazo é reducido.

Esa característica de independencia de dispositivos xunto á distribución adecuada da información, que facilita a calquera cidadán con discapacidade a visita á web, dota a lugo.es da capacidade e da accesibilidade demandadas polos usuarios e obrigada por lei ás administracións públicas. Os usuarios poderán adaptar o tamaño das letras segundo as súas necesidades particulares a través dunha opción indicada na barra de ferramentas e que está permanentemente visible:



## Estrutura

O portal organízase en cinco grandes áreas temáticas nas que se atopa atirculada toda a información referida á vida municipal e aos aconteceres da cidade:

1.- Casa do Concello

2.- Lugo Municipio

3.- Lugo Turístico

4.- Zona de Servizos

5.- Área de Empresa




### Casa do Concello

A primeira destas áreas é o apartado do **Concello**, aberto pola *benvida do Alcalde de Lugo*, e no que o navegante pode informarse sobre toda a *Corporación Municipal*, cada unha das *Concellerías* e cuestións prácticas como o regulamento das vodas civís, a través do servizo virtual de *Protocolo*.

Ao acceder a cada unha das *Concellerías* o usuario poderá coñecer ao Concelleiro ou Concelleira responsable de cada unha das áreas, e ter coñecemento das distintas competencias que lle corresponden. Ademais, atopará todas as novidades, avisos e convocatorias de cada un dos departamentos e un correo electrónico para poder poñerse en contacto directamente cos seus responsables políticos.

Outra das informacións máis útiles ás que terá acceso o usuario nesta sección é a referida aos *Centros Municipais* da cidade, como os centros sociais, os deportivos e os educativos con datos de interese como os horarios de apertura, actividades ofrecidas, prezos públicos e convocatorias de prazos de inscrición ou matrícula.




### Lugo Municipio

A segunda área temática recolle a información referida a **Lugo municipio**,

situao no mapa, aporta datos sobre todas as vías de comunicación que o conectan co resto do mundo, presenta as estatísticas actuais sobre a poboación e o municipio, presenta o territorio urbano e as súas parroquias... Todo o necesario para que o navegante descubra a realidade de Lugo como municipio.

Distribúe toda a información en dez apartados: a situación, as parroquias, cidade e barrios, o rueiro, o transporte urbano, a historia, envío de postais, Mira Lugo, imaxes panorámicas e estatísticas. Ofrece, ademais, ofrece unha serie de enlaces con outras administracións, cidades irmanadas e outras webs de interese para a cidadanía.




### Lugo Turístico

Outra grande área é a que da a coñecer todos os encantos turísticos da cidade e que enlaza coa páxina www.lugoturismo.es na que, tanto lucenses como visitantes, poden obter información sobre os acontecementos culturais que se celebran na cidade a través dunha axenda cultural actualizada a diario, descubrir os lugares de interese turístico de Lugo e acceder a información práctica como onde comer, onde durmir ou onde gozar dun tempo de lecer.

### Contorna Económica

Unha das finalidades deste portal é promocionar a cidade amurallada e dar a coñecer as súas vantaxes como centro económico e industrial. Creouse no portal unha área de empresa, para promover entre empresarios e emprendedores todos os potenciais económicos da cidade. Esta sección contén dende unha información moi completa e estatísticas de utilidade, ata unha axenda empresarial, pasando por unha presentación da situación económica do concello de Lugo. Esta información está orientada a servir de ferramenta de presentación do sectores económicos da cidade, aportando información sobre a situación de cada un dos campos socioeconómicos desenvoltos en Lugo para servir de atracti-



vo á creación de futuros negocios.

## ÁREA DE SERVIZOS

Por último, queda por presentar á **área de servizos** na que se poderá atopar un cuadro sinóptico de trámites municipais e información referida á carpetá cidadá. Unha das apostas máis importantes é a configuración desta Oficina Virtual a través da que os cidadáns poderán solicitar e obter información vía telemática sobre os distintos trámites que teñen que realizar ou para solicitar documentación, podendo facer un seguimento actualizado dos seus trámites para coñecer de primeira man en que situación se atopan.

Esta oficina terá un horario de atención ao público de 24 horas ao día, os sete días da semana ao longo de todo o ano.

Nesta Oficina Municipal implicarase a totalidade dos servizos municipais xa que cada traballador do Concello de Lugo terá a súa disposición unha completa rede de intranet, que o manterá en todo momento informado, e unha ferramenta informática interactiva que lle permitirá responder dunha forma rápida e segura ás peticións da cidadanía.




**www.lugo.es**

**Gabinete de Comunicación**
**Concello de Lugo**
Tfno: 982 297 137/150/267 - Fax. 982 297 104 -
prensa@concellodelugo.org